



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº 9/2020, EXTRAORDINARIA, REALIZADA O MÉRCORES 23 DE DECEMBRO DE 2020 .

ASISTENTES

Presidente:

Sr. Alcalde FRANCISCO JAVIER GESTAL POSE (AdV)

Concelleiros/as:

Grupo municipal da AdV de Carral

SUSANA GUIMAREY GARCÍA

FRANCISCO JAVIER BELLO HERMIDA

RUBÉN ANTONIO CAAMAÑO RODRÍGUEZ

MARÍA MERCEDES CARIDAD LÓPEZ

Grupo municipal do PP

JOSE LUIS FERNANDEZ MOURIÑO

DAVID FERNÁNDEZ BALSEIRO

MARGARITA RAMILO VARELA

CARLOS BARBEITO REY

Grupo municipal do PSdeG-PSOE

PABLO COUTO LOPEZ

JESUS JAVIER CETINA MOCHALES (Incorpórase ás 12:16 horas)

Interventora do Concello

NOEMI GONZALEZ MATO

Secretario do Concello:

DIEGO GARCIA DOVAL

NON ASISTEN

LUCÍA VÁZQUEZ MOURIÑO (PSdeG-PSOE)


FLORINDA DUARTE GERPE (Non adscrita)

[A solicitude do señor Alcalde, tamén está presente na sesión a técnica de Administración xeral do Concello, D^a Sonia Campos Ares]

HORA DE INICIO: 12:04

HORA DE REMATE: 13:30

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:04 do mércores 23 de decembro de 2020, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 17 de decembro de 2020, no que se indica que "(...)Logo de ver o escrito con data de "decembro de 2020" (presentado no rexistro xeral do Concello o 02 de decembro de 2020, nº de rexistro de entrada 1.935) , subscrito polos/as catro señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP e pola señora concelleira non adscrita, polo que solicitan a convocatoria dunha



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Carral, para tratar os asuntos que indican en tal escrito.

Logo de ver o establecido no texto vixente do artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL en adiante), segundo o cal "(...) Asimismo, el Pleno celebra sesión extraordinaria cuando así lo decida el Presidente o lo solicite la cuarta parte, al menos, del número legal de miembros de la Corporación, sin que ningún concejal pueda solicitar más de tres anualmente. En este último caso, la celebración del mismo no podrá demorarse por más de quince días hábiles desde que fuera solicitada, no pudiendo incorporarse el asunto al orden del día de un Pleno ordinario o de otro extraordinario con más asuntos si no lo autorizan expresamente los solicitantes de la convocatoria. (...)".(...)", reúnense en sesión 9/2020, extraordinaria, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte


ORDE DO DÍA

- 1.- ESTADO DE CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DOS PLANS DE OBRAS E SERVICIOS DA DIPUTACIÓN POS 2.018 2.019 E 2.020
- 2.-ESTADO DE CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DO CONVENIO COA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUCTURAS E MOBILIDADE
- 3.-ESTADO DE CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DO CONVENIO COA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE MAIORES.
- 4.-ESTADO DE CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DO CONVENIO COA DIPUTACIÓN PARA A MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NA N-550
- 5.-ESTADO DE PLIEGOS DE CONTRATACIÓN DE AXUDA NO FOGAR
- 6.-ESTADO DE AXUDA NO FOGAR (nº de beneficiarios de Dependencia e Libre Concurrencia)
- 7.-ESTADO DE PLIEGOS DA CONTRATACIÓN DE LIMPIEZA VIARIA E XARDINERÍA.
- 8.-ESTADO DE CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DO IDAE E NOVAS SOLICITUDES.
- 9.-ESTADO DO CONVENIO CON EMALCSA PARA A XESTIÓN DE ABASTECIMENTO E SANEAMIENTO
- 10.-ESTADO DAS RELACIÓNS DA EMPRESA ASESOWEB CON CONCELLO DE CARRAL
- 11.-ESTADO DO PLAN REACTIVA DA DIPUTACIÓN.

O señor Alcalde manifesta que a concelleira non adscrita excusou a súa inasistencia por motivos persoais e o señor Couto López (PSdeG-PSOE) explica que, do seu grupo, a señora Vázquez Mourino non poderá asistir á sesión por atoparse nunha reunión en Santiago

1.- ESTADO DE CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DOS PLANS DE OBRAS E SERVICIOS DA DIPUTACIÓN POS 2.018 2.019 E 2.020

O señor Alcalde explica que, das catro obras do POS+2018, están feitas a do Monumento aos Mártires, a do Pavillón do Espiño e a das rúas de Paleo, e en canto á da Ponte do río Brexa, indica que o proxecto estaba mal feito, pois carecía de estudo xeotécnico, que houbo que facer, e engade que haberá que solicitar novos permisos e a autorización da Deputación para executar a obra.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

En canto ás obras do POS+2019 explica que están executadas as obras referentes a viais de Carral, Beira, Pale e San Vicente, e que a de Lamagal-Sandiás está a executarse.

Engade que as obras correspondentes ao POS+2020 (acceso á área recreativa da Brexa, pavillón, muro e aparcadoiro en Babelo e Novo saneamento en san Vicente) xa están licitadas e ou adxudicadas ou en vías de adxudicación.

O señor Fernández Mouriño (grupo municipal do PP) opina en relación coa obra da ponte da Brexa (POS+2018) que o xeotécnico non leva tanto tempo solicitalo, e manifesta que non entende por que a obra non está executada todavía. Pregunta por que a obra de Lamagal está sen facer se xa foi executada. Por outra banda, coida que as obras de 2020 están en prazo, mais reitera a súa opinión de que as outras debían estar xa executadas.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) explica que a diferenza con outros modificados da obra da Ponte do río Brexa é que xa está adxudicado o contrato, sobre un proxecto básico que non se pode executar, e que por iso o expediente que esixe a Lei de Contratos do Sector público é moi complexo e con trámites longos e tediosos, e hai que pedir autorización á Deputación. Explica que está xa encargada a redacción do proxecto modificado, e que haberá que solicitar un novo permiso a Augas de Galicia pola maior profundidade da cimentación requirida. Reitera que o problema vén de ter adxudicado o contrato cun proxecto básico. En canto á obra de Lamagal-sandiás, explica que está practicamente executada, mais hai unha pista no proxecto do goberno anterior que desemboca nun vial de servizo, o que, na súa opinión, non ten moito sentido. Indica que na Deputación se considera a súa substitución unha modificación de trazado, mais que no Concello os técnicos opinan que é unha modificación do obxecto do contrato, polo que se vai executar en canto mellore o tempo.


2.-ESTADO DE CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DO CONVENIO COA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUCTURAS E MOBILIDADE

O señor Alcalde explica que, en canto á senda peonil da N-550 Tabeaio-Carral, houbo unha serie de problemas, porque Augas de Galicia esixiu a modificación da ponte do río e a solicitude dun novo permiso. Engade que, polas inclemencias do tempo, non se puido aínda rematar a execución da obra contratada, e fíxose un acopio do material necesario para o pintado, que é o único pendente de executar.

O señor Fernández Mouriño confirma que viu que a obra se está a facer, e recoñece que ás veces xorden problemas. Lembra que o prazo de execución remataba a mediados de decembro, e pregunta se está solucionada a cuestión.

O señor Couto López explica que se reuniu coa Dirección da Axencia Galega de Infraestruturas para comentar os problemas do convenio e solicitar unha prórroga para o ano que vén como dixeran, mais ao final indicaron que non podían comprometerse a facelo. O permiso de Augas de Galicia chegou en agosto e o contrato da obra licitouse en tempo e forma. Explica, en relación coa partida correspondente ao "slurry", que se estende con pá, e que a superficie non pode estar nin húmida, polo que a Axencia Galega de Infraestruturas permitiu o seu acopio. Ademais, explica que Augas de Galicia esixiu unha ponte e o proxectista calculouna de 9 metros en lugar de 11. Conclúe que "foi todo un pouco follón" mais que se arranxou no pouco tempo de que se dispuxo.

O señor Fernández Mouriño pregunta se xa está certificada a obra e non se vai perder a axuda, ao que o señor Couto López resposta confirmándollo.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

3.-ESTADO DE CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DO CONVENIO COA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE MAIORES.

A solicitude do señor Alcalde, a señora Guimarey García explica, coma antecedentes, que ao chegar ao goberno existía un convenio de 2018 de subvención nominativa do Consocio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar para un Centro Social, por importe de 150.000 € para facer fronte ao proxecto e a obra (75.000 € en 2018 e o resto en 2019) coa obriga do Concello de mantelo polo menos cinco anos. [O señor Cetina Mochales incorpórase á sesión ás 12:16 horas]. A Interventora do Concello emitiu un informe en maio de 2019 a petición do señor Mouriño no que se indicaba que a partida existente era insuficiente para executar o proxecto encargado, duns 169.000 €, e ademais xa constaba unha factura duns 8.470 € polo proxecto. Así, explica que, da axuda concedida, só quedaban 141.530 € para a construción, cando a obra era por importe de 169.415,50 €, máis os custes de mantemento durante cinco anos. Explica que, perante o escenario económico que se atoparon, o señor Alcalde e o señor Concelleiro de urbanismo faláron co Consorcio para tentar reconducir o proxecto.


O señor Couto López explica que nesa reunión de case dúas horas pelexouse por manter os cartos para transformar o proxecto nun Centro de Día, mais no Consorcio negáronse a prorrogar o convenio, e os prazos que contiña eran imposibles de cumprir. Posteriormente tentouse crear no edificio un viveiro de empresas e para a transformación de produtos agrarios, semellante a outros existentes en Brión ou Mugardos, mais a subvención que se outorgaba cubría só o 50% e, polo plande axuste ao que está sometido Carral, só se poden aceptar as que acaden, polo menos, o 80% do orzamento.

O señor Fernández Mouriño opina que, que se diga que non se pode facer un modificado por 20.000 € e non facer un centro “para os nosos maiores” parécelle “pasar do tema”. Lembra que, ademais, meses días empregaron 70.000 € para os cobramentos dos integrantes do goberno municipal. Considera que se trata da necesidade prioritaria do municipio, e que se perderon 150.000 € “porque lles deu a gana” e a oportunidade de ter un “Centro de Día” para cando pase a pandemia.

A señora Guimarey García replica que lle dá a impresión de que o señor Fernández Mouriño non atendeu ás súas explicacións. Reitera que explicou o escenario co que se atoparon, e que o convenio asinado polo señor Fernández Mouriño se refire a un “Centro Social”, e non a un “Centro de Día”, polo que non debe confundir á xente con iso. Reitera que tentaron reconducir o proxecto para un Centro de Día, mais que non foi posible, e engade que lles encantaría ter varios, e que nunca dixo que non fosen cambiar a partida.

O señor Bello Hermida (AdV de Carral) roga que non sigan a confundir á xente cun “Centro de Día” e fai notar que no mesmo punto da orde do día que solicitaron falan dun “Centro de Maiores”. Explica que o mesmo proxectista di que non se trata dun “Centro de Día”, que é o que cómpre, pois locais xa hai dabondo no Concello.

O señor Fernández Mouriño opina que un Centro para maiores se pode chamar Centro de día para maiores, e que se trataba de adaptar o edificio para que puidesen estar alí. Opina que cómpre unha sala de estar con TV, unhas mesiñas para xogar á baralla, unha sala de reanimación e para fomentar a mobilidade, outra sala onde facer de comer, e un comedor, e indica que todas están no proxecto. Reitera a súa opinión de que perderon eses 150.000 €, e pregúntase se non podían poñer 20.000 € cando usaron 70.000 € para as súas retribucións. Opina que había que priorizar e preguntar á Intervención para facer a transferencia necesaria do capítulo 1 ao 6. Considera que había que tentalo e facer a obra (ao que o señor Bello Hermida pregunta se era porque había eleccións, e o señor Alcalde pídelo que non fale).



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

O señor Fernández Mouriño replica que o convenio se asinou en 2018, e que en canto se contratase a obra ingresaban o 25%, e reitera que non entende por que se perdeu a axuda.

O señor Alcalde indica ao señor Mouriño que sabe de sobra que nesas salas habería que poñer persoal e preguntalle de onde sacaría o Concello un médico, fisioterapeuta, auxiliares de enfermaría, cociñeiro. Reitera que o señor Couto e el foron a Santiago e lles dixeron que non a todo. Explica que quere aos vecinos de Carral coma o señor Mouriño, mais Carral non pode facer fronte a ese gasto, e na Xunta de Galicia dixeron que non daban máis diñeiro, que na contorna cercada e Miño aínda non tiñan os centros completados. Opina que, se a Xunta de Galicia dese apoio poderíase facer fronte á necesidade, mais considera que o Concello non pode ao 100% e que o señor Mouriño sábeo. Pídelle que diga como facer fronte aos cartos que require un Centro de Día.

A señora Caridad López (AdV de Carral) manifesta que hai que clarear que nun centro para a terapia motriz ou o deterioro cognitivo as horas limítanse a unha ou dúas, mentres que nun Centro de Día son catro ou cinco, e fan falla enfermeiros, psicólogo, educadoras ou terapeutas, e que, por tanto, non son iguais.

O señor Fernández Mouriño replica que “a ver se nos enteramos” que o que fai falla é un edificio para atender aos maiores e liberar ás familias, e que o chamen como queiran. Coida que Carral necesita un servizo dese tipo e que se empeza por ese edificio que teñen. Reitera que tiñan financiamento e que había que poñerse a iso como fan en todos os sitios. Pregúntase que traballo costaba contratar a obra, e opina que non o fixeron porque non lles gustaba, mais espera que “sigan no tema”.


A señora Guimarey García replica que o nome do proxecto o puxo o señor Mouriño, e que se trata dun “Centro Social”, polo que non pode dicir que o “chamen como queiran”. Reitera que cren necesario un Centro de Día e que cómpre favorecer a conciliación, pois son coñecedores e sufridores da situación. Repite que tentaron reconducir o proxecto, pois locais sociais xa hai moitos, e que o señor Couto xa explicou o que lles dixeron. Opina que hai que apostar por ese sector. Reitera que ninguén dixo nada de non cambiar a partida agás o señor Mouriño, e que el asó deu datos económicos refrendados pola Interventora. Pídelle que “no se vaya por las ramas” e engade que necesitan algo que funcione, e non un local para deixar ás persoas alí dúas horas. Reitera que só se recibiron negativas de que non se podía facer.

O señor Fernández Mouriño repite que o convenio se asinou para un “Centro Social”, con 150.000 € para a obra civil e que, como din os chineses, as caminatas comezan polo primeiro paso. Opina que non executaron o convenio porque non lles gustaba, e que, aínda que levan 600 días no goberno, “seguen na mesma”. Pídelles que empecen e manifesta a súa sorpresa por que pretendan destinar o edificio a un “co-working”.

O señor Bello Hermida pregunta por que non puxeron no convenio “Centro de Día”, xa que foi “o que venderon”. O señor Mouriño replica que imaxina que un Centro de Día está nun local. O señor Bello Hermida opina que o señor Mouriño non sabe como xustificarse e que debería darlles a razón. O señor Alcalde pídelles que só fale cando se lle dea a palabra.

O señor Fernández Mouriño reitera que, chámese como se lle chame, trátase dun edificio que había que adaptar para Centro de Día ou como se queira chamar, no que as persoas puidesen estar un tempo, comer de catering e estar atendidos. Pide que vaian ao de miño, pois opina que ten as mesmas características e é absolutamente idéntico, pois o proxecto está copiado doutro Centro de Día co visto e prace da Consellaría de Política Social.

O señor Alcalde reitera que a el e ao señor Couto lles dixeron que non, e que o problema non é o edificio, se non o seu mantemento.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

4.-ESTADO DE CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DO CONVENIO COA DIPUTACIÓN PARA A MELLORA DE SEGURIDADE VIAL NA N-550

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) explica que o proxecto recollía pasos de peóns coma o instalado en Da Cunha, e que se modificou porque, na súa opinión, eran pasos carísimos de 18.000 € cada un, cun mantemento moi complexo, e que ocasionaría problemas de tráfico e o gasto dun “pastizal” cada vez que houbera que cambiar baldosas. Explica que o proxecto modificado xa ten o permiso de “Fomento”, e que nel se mudou a iluminación dos pasos por outra cenital e a instalación dun paso no colexio con semáforo e pulsador, sen prexuízo de deixar o que xa está, aínda que provoca esvaros. Ademais, explica que se sobrelevarán os pasos diante do colexio, na traseira do IES e no Centro de saúde; engadírase a sinalización para os Muíños do Batán e a previa a 500 metros; asemade, prevese unha marquesiña en Herves e obras no aparcadoiro do IES, solicitadas pola dirección do centro e avaladas pola Policía Local. Por outra banda, considera que o problema do calmado do tráfico debe facerse fundamentalmente cunha glorieta, e que se traballou coa Secretaría de Estado de Infraestruturas para a construción de dúas, para o IES e o colexio, e para a ordenación do cruce da gasoleira en Tabeaio. Opina que son modificacións boas, evitando o mantemento carísimo dos pasos inicialmente previstos, e solucionando algún outros problemas. Indica ao señor Fernández Mouriño que pode solicitar o proxecto se quere consúltalo, ao que a que replica que, se cambia substancialmente o proxecto, xa virá ao Pleno e xa o verán.


O señor Couto López engade que están a esperar que a Deputación aprobé o proxecto para licitalo en canto o autoricen, e que o permiso do Ministerio chegou a finais de outubro-novembro. Engade que na Deputación estaba parado o expediente pola pandemia, mais que espera que poidan autorizalo a principios deste ano.

O señor Fernández Mouriño manifesta a súa opinión de que se trata dun cambio substancial, que tería que ir ao Pleno do Concello e ao da Deputación. Engade que en “Fomento” xa teñen unha memoria para unha rotonda na gasoleira e nos Viveiros, e que lle parece ben, mais tamén lle parecía ben que se fixesen os pasos de peóns previstos, que eran chamativos e moi seguros. Opina que se se funde unha bombilla non xera problemas, e que non querían que o proxecto saíse adiante por ser de Mouriño e do PP, “como se non soubesen facer nada”. Pide que se apuren a executalo, pois opina que os pasos actuais son moi perigosos, sobre todo o de Tabeaio, e neles segue a haber desgrazas. Engade que caro é todo, igual que destinar 20.000 € á iluminación de Nadal [O señor Alcalde pídelle que se limite aos puntos da orde do día]. O señor Mouriño reitera que opina que non é carísimo destinar algo máis de 70.000 € do convenio coa Deputación aos pasos, emais si 20.137 € á iluminación de Nadal.

O señor Couto López replica que os cambios non se fixeron pola autoría do proxecto inicial, que se tería executado se se vise que funcionaban os pasos previstos. Opina que, en cabeza de travesía, o mellor é un semáforo, e indica que Carral é a única vila de Galicia sen un semáforo, especialmente na N550. Reitera que ten o proxecto á súa disposición e ofrécese para explicarllo. Engade que verá a bondade dos cambios e reitera que nada teñen que ver con que o proxecto orixinario fose do goberno municipal anterior.

5.-ESTADO DE PLIEGOS DE CONTRATACIÓN DE AXUDA NO FOGAR

O señor Bello Hermida (AdV de Carral) explica que, cando entrou o actual goberno municipal, había tres empresas prestando o SAF e Ende Ben en concurso de acreedores. Engade que, en primeiro lugar, tentouse regularizar o servizo cunha “empresa ponte”, e que pediron referencias a empresas dispostas e asumir unha situación tan caótica, pois moitas non querían. Explica que se pediron catro orzamentos e que se adjudicou



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

á mellor oferta. Explica que houbo que abordar os avisos da Inspección da Xunta, porque había queixas non remitidas dende novembro de 2018. Explica que había uns pregos de prescricións técnicas elaborados, que fixeran o mellor que puideron, mais non adaptados á situación actual, e engade que se está a traballar na súa adaptación. Opina que a oposición non é consciente da situación actual, e que hai que incluír os estudos de custes e as necesidades cambiantes constantemente pola situación en canto a EPIs ou protocolos sanitarios. Espera que a situación se poida fixar nalgún momento e engade que tamén está a ser un quebradeiro de cabeza os problemas da subrogación do persoal, pois están a incluír nas listaxes a persoas que traballaron en Ordes, mesía ou baegondo e que nunca traballaron en Carral. Por iso, indica que se están a ultimar os pregos de prescricións técnicas tras tal caos, e agradece á señora Campos Ares (técnica de administración xeral do Concello) o seu esforzo para a adaptación á nova situación. Así, conclúe indicando que a razón da tardanza é a das cambiantes circunstancias, e que espera que non haxa máis cambios para poder continuar o expediente en breve polo ben de todos.

[O señor Couto López abandona a sesión ás 12:53 horas].

O señor Fernández Mouriño replica que seguimos igual, pois dende 2005 xa estaban cos pregos e tiñan que estar en 2019. Engade que en 2020 o goberno actual xa leva 600 días e segue igual ca el en 16 anos. Lembra que ao principio do mandato dicían que se facía inmediatamente, e indica que a quebra da empresa non sería culpa deles. Explica que en Carral se atendía aos usuarios como se podía, da mellor forma posible, e que imaxina que igual que fan agora. En canto á “empresa ponte”, indica que pode demostrar que nalgunhas casas cambian catro ou cinco veces nun mes ás traballadoras. Engade que entende que hai baixas e erros, e que pasaba antes e pasará agora, mais que espera que se resolva á maior brevidade posible.

O señor Bello Hermida explica que ás veces os cambios se producen polas corentenas que teñen que pasar as traballadoras, mais engade que, por sorte, non houbo positivos nin entre elas nin entre as persoas usuarias.

[O señor Couto López reincorpórase á sesión ás 12:56 horas].

O señor Fernández Mouriño reconece que é verdade que é complexo, mais tamén indica que non se podía dicir que todo ía estar solucionado en dous meses.

O señor Bello Hermida indica que é complicada a situación que tocou arestora.

6.-ESTADO DE AXUDA NO FOGAR (nº de beneficiarios de Dependencia e Libre Concurrencia)

O señor Bello Hermida (AdV de Carral) explica que, a día de hoxe, hai 33 persoas usuarias por dependencia e 40 por libre concurrencia, ademais de tres no servizo alternativo para os que non poden ir a Centro de Día (que chegaron a ser 5).

O señor Fernández Mouriño pregunta se hai lista de espera, ao que o señor Bello Hermida responde que hai catro persoas á espera en dependencia, xa que quitaron horas que espera que devolvan.

O señor Fernández Mouriño pregunta se hai tamén lista de agarda en libre concurrencia, e o señor Bello Hermida explica que hai baremos que seguen as técnicas municipais para asignar os servizos en función de se os usuarios cumpren os requisitos ou se hai urxencia.

O señor Fernández Mouriño manifesta que non ve normal que no decreto da Alcaldía 491/2020 se quiten



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

de libre concorrência 8.000 € para contratar a persoal laboral. Pregúntase se non será mellor atender as solicitudes da lista de agarda, en lugar de empregar ese diñeiro para contratar persoal laboral, que non sabe para que é, e que espera que fose para reforzo dos Servizos Sociais.

O señor Bello Hermida explica que para axilizar as tramitacións cómpre reforzar o persoal, e máis con todas as solicitudes derivadas da pandemia. Engade que, polo de agora, chegou o rozamento de 2020 e non houbo que facer modificacións, mentres o de 2019, que era herdado, era insuficiente, e houbo que modificalo no Pleno. Explica que este ano se pagaron facturas recoñecidas do mandato anterior, e as deste ano ao mes, as derivadas de axuda no fogar e as de todos os provedores.

O señor Fernández Mouriño pregunta se o persoal laboral a que se referiron xa está a traballar e cal é o seu cometido, e o señor Bello Hermida explica que se trata dunha auxiliar que xa está a traballar.

A señora Ramilo Varela pregunta se se está a referir a unha auxiliar de axuda no fogar e o señor Bello Hermida explica que non, que se trata dunha auxiliar administrativa para xudar a solventar o caso que supuxo que se encargase ao Concello a tramitación de expedientes coma os dos salarios mínimos ou a tarxeta moedeiro, mentres as oficinas na Coruña están pechadas. Indica que cada vez hai máis traballo administrativo e burocrático en lugar de traballo de campo, que considera máis necesario. O señor Fernández Mouriño entende que para iso agora hai dúas auxiliares administrativas no departamentod e Servizos Sociais

A señora ramilo varela pide que lle confirmen o número de usuarios de dependencia, ao que o señor Alcalde resposta que 33 e o señor Bello Hermida puntualiza que se refire a 33 aos que se lles está a prestar o servizo, mais que non sabe cantos hai pendentes de que se lles recoñeza, pois non está no punto da orde do día. Engade que, ao seu entender, con dependencia aprobada mais sen horas hai uns tres ou catro usuarios.

7.-ESTADO DE PLIEGOS DA CONTRATACIÓN DE LIMPIEZA VIARIA E XARDINERÍA.

O señor Caamaño Rodríguez (AdV de Carral) explica que hai un Prego de prescricións técnicas de anos atrás, que non sabe se chegou a ler o señor Fernández Mouriño, e que, na súa opinión, ten carencias en canto ao persoal, o prezo de licitación e o estudo de custes, ou as rutas que se deberían seguir. Engade que se está a traballar para a inclusión dun protocolo relativo á COVID e sopesando a idea de contratar por separado limpeza e xardinaría, se ben se tentará que se reserve a centros especiais de Emprego.

O señor Fernández Mouriño reitera que o goberno municipal actual xa leva 600 días e opina que, se xa tiñan o prego, había que modificar o que fixese falla e “quitar a contratación” o servizo.

O señor Caamaño Rodríguez replica que o estudo de custes non se fai nun mes nin en dous cos continuos cambios derivados da COVID, e que sería máis fácil se o Prego estivese ben 8reitera que non sabe se o señor Mouriño chegou a lelo).

O señor Fernández Mouriño resposta que el delegaba noutros compañeiros, e que está copiado doutros Concellos, e manifesta que non sabe por que funcionaba neles e non neste Concello. Reitera que o goberno actual consideraba que “eran os intelixentes e que o ían arranxar en dous meses”.

O señor Caamaño Rodríguez pregunta de que Concello están copiados e o señor Fernández Mouriño resposta que de Sada. O señor Caamaño replica que non foi o que lle dixo quen os redactou.

O señor Bello Hermida indica que o señor Mouriño se contradí, pois dicía que non leu o Prego e agora di



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

que si. O señor Fernández Mouriño replica que o leu por enriba e que non o aprendeu de memoria, pois opina que para iso pagan ao persoal do Concello e aos concelleiros.

8.-ESTADO DE CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS DO IDAE E NOVAS SOLICITUDES.

O señor Alcalde explica que se están a executar dúas obras financiadas polo IDAE, correspondentes aos Centros Sociais e Culturais de San Vicente de Vigo e das Travesas, mais que non se apuraron as oras porque ao día de hoxe, coa situación existente, non se pode estar neles. Explica que, por outra banda, tamén se recibiu unha subvención para a mellora da eficiencia enerxética do Pavillón do CEIP Vicente Otero Valcárcel.

O señor Couto López (PSdeG-PSOE) explica que as obras do Centro Social das Travesas xa están case rematadas e que as do de San Vicente van a bo ritmo, se ben hai dous anos para a súa execución, polo que non lle preocupa, xa que considera que estarán listas inmediatamente. En canto ao pavillón, explica que se iniciou a elaboración do Prego de contratación, e que hai seis meses para contratalo, para unha obra parecida ao que fixo a Xunta de Galicia co colexio, dotando illamento térmico para evitar que o pavillón estea ou moi frío ou moi quente. Asemade, explica que as obras se completarán con outras financiadas con outras liñas de axudas. Ademais, explica que, no tocante á solicitudes de axudas para a mellora da mobilidade na N550 aínda non hai contestación.

O señor Fernández Mouriño pregunta cal é o montante das obras do pavillón e o señor Couto López resposta que se recibiu unha subvención do 80% para un investimento de arredor de 178.000 € co IVE incluído. O señor Mouriño indica que lle parece moi ben e pide que non se esgoten os prazos das obras de san Vicente. O señor Couto López explica que houbo problemas con algunhas subministracións pola pandemia, e que o sector da construción para no Nadal, mais indica que rematarán en breve. O señor Alcalde explica que o importe do investimento no pavillón, no que se refire á obra, é de 154.731,99 €.


O señor Fernández Mouriño pregunta se non é excesivo o importe que cobrará a dirección de obra, pois viu que nunha sesión da Xunta de goberno local se aprobou o gasto por uns 8.000 €, que suponen case un 6% e que, na súa opinión, “chegan ben”.

O señor Couto López replica que non sabe se pode ser un pouco caro, ao que o señor Mouriño replica que lle “tire das orellas á empresa”.

A señora Guimarey García explica que se piden tres orzamentos, neste caso por parte do señor Couto López, e que o que presentou o máis barato foi quen levou o contrato, polo que se fixo en forma. O señor Fernández Mouriño replica que sabe que se piden tres orzamentos, mais opina que é raro que se cobre tanto, e que “se ve que é unha obra complexa”.

9.-ESTADO DO CONVENIO CON EMALCSA PARA A XESTIÓN DE ABASTECIMENTO E SANEAMENTO

O señor Caamaño Rodríguez explica que o servizo de abastecemento de auga e saneamento de Carral se vén prestando segundo un convenio administrativo asinado o 02 de marzo de 2005, e que por lei non se pode seguir así. Engade que en febreiro de 2019 o señor Mouriño recibiu un escrito no que se lle indicaba a cuestión e se instaba a revisión das tarifas. En maio de 2019, nun correo electrónico, lembrouse o acordado e o feito de que a posibilidade dun cambio de goberno municipal podería ralentizar as negociacións. Engade que pode entender a necesidade de subir as tarifas, mais indica que lles doe e que haberá que estudar a cuestión en profundidade. Asemade, explica que o señor Alcalde xa está en contacto con EMALCSA ao



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

efecto.

O señor Fernández Mouriño replica que o convenio estaba á perfección, mais que a situación cambiou coa nova normativa de contratos. Opina que o servizo que presta EMALCSA é bo, mais que non gañan moito con el, e máis ben perden. Explica que el dixo que si á proposta de adaptar o cobro de taxas ás da Coruña, mais houbo eleccións e non se levou a Pleno. Considera que as tarifas non eran globalmente máis caras nin máis baratas pois, por exemplo, os dereitos de enganche baixaban de 600 € a entre 200 e 300, e, comparando as tarifas, considera que apenas se ía notar diferenza nos recibos dos veciños. Reitera que o goberno municipal xa leva 600 días e aínda non sabe se van renovar o convenio, crear unha empresa pública con EMALCSA ou realizar unha licitación, ao que o señor Caamaño replícalle que xa lle respostou.

O señor Alcalde manifesta que se está a elaborar un novo convenio (corríxe, que é un prego) e que hai uns 20 ou 30 por facer, polo que hai que ir aos poucos. O señor Bello Hermida engade que “é igual un convenio que un prego, como no caso do Centro de Día”.

O señor Fernández Mouriño opina que sería importante facer un convenio e reitera que o goberno municipal xa leva 600 días. A señora Caridad López aconsella ao señor Mouriño que consulte a un especialista, pois opina que ha de ter un trauma e que, se conta todos os días, “pouco ten que facer”.

10.-ESTADO DAS RELACIÓNS DA EMPRESA ASESOWEB CON CONCELLO DE CARRAL

A señora Guimarey García (AdV de Carral) explica que a única relación contractual que existe con esa empresa é unha proposta de gasto da Concellaría de Comercio do 5 de maio de 2020, por importe de 484 €, para unha aplicación web e unha factura por importe de 90,75 €, se ben non pode explicar con máis detalle o motivo da contratación. Engade que a empresa sacou un comunicado nas redes ao que remite. Por outra banda, explica que, con anterioridade, cedeu gratuitamente os dereitos de uso da aplicación “Coida Carral”, que é moi interesante na súa opinión e, ademais de recomendala, ofrécese para explicarlles como descarregala.


O señor Couto López (PSdeG-PSOE) explica que é unha cuestión que leva a señora Vázquez Mouriño, que non está presente na sesión, mais coida que ao final a factura so se referiu aos gastos do dominio, e que, de mútuo acordo, non se puido realizar a web inicialmente prevista, pois Asesoweb non puido atendelo pola carga de traballo, e actualizarase con outra empresa.

O señor Fernández Mouriño indica que lle chamou a atención a “factura “ deses arredor de 400 € [a señora Guimarey puntualiza que se tratou dunha proposta de gasto] ao ver o asunto na acta da correspondente Xunta de Goberno Local e ver que a empresa é de Granada.

A señora Guimarey García explica que a sede social está en Granada, mais o centro e traballo en Carral, pois este tipo de actividades se fai case na súa totalidade por traballadores que non están en España, pois non se trata de “venta de ovos”, e dá igual onde se atope o lugar de programación. Reitera que a proposta de gasto de maio foi por 484 € e a factura por 90,75 € (cre que en concepto do dominio web). Manifesta que, se quere máis precisión, podería darlle os datos que precise.

O señor Fernández Mouriño indica que non lle preocupa se a empresa traballa en Carral e lembra que o Concello tiña una “app” moi boa (na súa opinión, mellor que “Coida Carral”) e que se podería ter actualizado.

A señora Guimarey García explica que non teñen nada que ver e que a actual permite facer fotos de



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

incidencias con xeolocalización.

O señor Bello hermidia puntualiza que a “app” a que fai referencia o señor Mouriño xa non se podía descargar, e só funciona nos teléfonos nos que xa se instalara. Explica que tentaron recuperala, mais que lles dixeron que non era posible.

O señor Fernández Mouriño reitera a súa opinión de que era moi boa e considera que habería que tentar recuperala. Engade que se quen leva Asesoweb é unha persoa de Carral está encantadísimo, “con todos os respectos aos andaluces”.

11.-ESTADO DO PLAN REACTIVA DA DIPUTACIÓN.

O señor Alcalde explica que se están a tramitar as solicitudes e as súas valoracións.

A señora Guimarey García explica que as axudas son por 112.962,78 €, das que o Concello achegoun 22.592,56 € mediante a correspondente modificación orzamentaria. Reitera que as solicitudes están en fase de estudo e para a fiscalización da intervención, e que houbo unha ampliación do prazo. Engade que, trala resolución provisoria, haberá un periodo de 10 días para alegacións, e que o 25 de xaneiro tería que saír a resolución definitiva. Explica que houbo 77 solicitudes, e que 22 haberán de descartarse por non cumpriren os requisitos, e tamén houbo unha renuncia. Indica que, coa aplicación dos baremos das bases, outorgaríanse provisoriamente axudas por uns 104.000 €, se ben a contía podería modificarse en función das alegacións que se presenten. Manifiesta que son conscientes de que con isto non se resolve a terrible situación dos autónomos e das empresas, mais é un apoio, e afirma a intención do goberno municipal de seguir con tal apoio na medida das súas posibilidades.

O señor Couto López engade que está prevista a remisión da proposta á Interevnción para o 4 de xaneiro e que, tras un periodo de 10 días para alegacións, se poida resolver definitivamente antes do 25 de xaneiro.

O señor Fernández Mouriño replica que só quería saber datos e indica que “sabe sumar días e restar”. A señora Caridad López replica que o que lle dixo foi “con todo cariño”.

O señor Alcalde desexa a todos unas boas festas e que o ano que vén sexa mellor.

Ás 13:30 horas, o Sr Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE

Francisco Javier Gestal Pose

O SECRETARIO DO CONCELLO

Diego García Doval